

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 24 de setembro de 2013 pola que se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para estudos universitarios conducentes á obtención do título oficial de máster universitario, destinadas a titulados universitarios en situación laboral de desemprego, para o curso 2013/14, e se establecen as bases reguladoras.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das facultades que lle corresponden ao Estado.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 125, do 3 de xullo), determina a política de bolsas e axudas concibida como instrumento para facilitar o acceso dos estudantes que, cumprindo cos niveis académicos, necesiten destas axudas financeiras para lograr culminar os seus estudos universitarios.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e dispón que as universidades impartan ensinanzas de grao, máster e doutoramento conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais.

O Decreto 222/2011, do 2 de decembro (DOG nº 234, do 9 de decembro), regula o procedemento e as condicións para a obtención, polas universidades do Sistema universitario de Galicia, da autorización para impartir as ensinanzas universitarias oficiais conducentes aos títulos de grao, máster universitario e doutoramento, así como a súa modificación e supresión.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fixa, mediante o correspondente Decreto de prezos públicos, os prezos que se aboarán, no Sistema universitario de Galicia no curso académico 2013/14, polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

O establecemento dos novos títulos oficiais de posgrao constitúe unha das modificacións de máis transcendencia no proceso europeo de cambio estrutural das ensinanzas



universitarias e supón un grande reto para as universidades e a Administración educativa, que se ven obrigadas ao desafío de impulsar estudos de posgrao de máxima calidade.

A finalidade das ensinanzas de máster universitario é a adquisición polo estudante dunha formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras. Estas ensinanzas supoñen unha consolidación académica e a especialización dos titulados de cara á adaptación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), contribuíndo a mellorar o acceso a un mercado de traballo globalizado.

Así mesmo, mellorar a empregabilidade dos mozos/as, aumentar a calidade e a estabilidade do emprego, promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral e fomentar o espírito emprendedor son algúns dos retos da sociedade actual. Nos últimos anos incrementouse o número de persoas que desexan formarse e especializarse, sendo os titulados desempregados fóra do tramo de idade convencional os máis interesados debido á súa falta de experiencia profesional e ao acceso restrinxido que teñen aos recursos financeiros.

Así pois, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, considera prioritario apoiar os titulados universitarios en situación laboral de desemprego, co fin de mellorar as súas perspectivas de incorporación ao mercado de traballo, convocando unha nova liña de axudas para financiar os gastos da matrícula dos estudos conducentes ao título de máster universitario que teña recollida na súa memoria unha orientación profesional.

Polo que antecede,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

Esta orde ten como obxecto convocar axudas, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, para financiar os gastos derivados da matrícula dun máster universitario oficial, ofertado polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, no curso 2013/14. Para os efectos desta convocatoria, os másteres do Sistema universitario de Galicia a que poden concorrer os solicitantes serán os que figuran no anexo II desta orde de convocatoria.



## Artigo 2. *Orzamento*

Estas axudas serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, cunha contía total de 200.000 euros. Non obstante, a cantidade total pode ser incrementada no caso de producirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo á mesma aplicación orzamentaria, de acordo co disposto no artigo 31.2.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

## Artigo 3. *Natureza e contía da axuda*

1. A contía da axuda consistirá no pagamento do importe total da matrícula do máster universitario que realice o beneficiario no curso 2013/14.

2. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17, punto 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## Artigo 4. *Solicitantes*

Poderán solicitar esta axuda os titulados que se atopen en situación laboral de desemprego e estean inscritos como demandantes de emprego, matriculados/as no curso 2013/14 nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo en estudos universitarios conducentes á obtención dun título oficial de máster universitario dos relacionados no anexo II.

## Artigo 5. *Requisitos dos solicitantes*

Os solicitantes destas axudas, para obteren a condición de beneficiarios/as, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia os tres últimos anos anteriores á convocatoria.

b) Atoparse en situación laboral de desemprego e estar inscrito como demandante de emprego nos tres anos inmediatamente anteriores á data de publicación desta convocatoria.



c) Estar en posesión do título universitario de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, ou grao, e teren rematados estes estudos con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2010.

d) Estar matriculado, no curso académico 2013/14, nun máster universitario dos relacionados no anexo II desta orde.

#### Artigo 6. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado ED421A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes dela. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á do peche da convocatoria. Deberá remitirse ao Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Para dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou coa necesidade de máis información durante o proceso de obtención ao presentar os formularios por vía electrónica, poderán facer as súas consultas ao teléfono de información 012 ou ao correo electrónico [012@xunta.es](mailto:012@xunta.es). Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)

2. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada de documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da



persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes dela.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto no artigo 29 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Polo tanto, o día final do citado prazo será o correspondente, no mes seguinte, ao mesmo número ordinal do día da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se no mes de vencemento non houber día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

#### Artigo 7. *Documentación que hai que presentar*

A solicitude (anexo I, modelo normalizado ED421A) presentarase xunto coa seguinte documentación:

a) Copia simple do título universitario que lle dá acceso ao máster ou documento que legalmente o substitúa.

b) Informe emitido polo Servizo Público de Emprego dos períodos de inscrición como demandante de emprego.

c) Certificado da vida laboral.

d) Documento acreditativo da matrícula nun máster universitario dos relacionados no anexo II a esta orde, no cal deberá figurar o importe desta e o número de materias e créditos en que está matriculado.

#### Artigo 8. *Exposición de listaxes provisionais para a emenda de solicitudes e documentación*

1. Unha vez examinada e avaliada a documentación presentada polos solicitantes, a Secretaría Xeral de Universidades exporá as listaxes provisionais das solicitudes admitidas e excluídas e sinalará as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nas súas xefaturas territoriais. Así mes-



mo, estas listaxes tamén poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

2. Os/as interesados/as disporán dun prazo de reclamación de dez días e poderán, durante ese prazo, formular reclamacións ou emendar os erros e a falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

#### Artigo 9. *Comisión Avaliadora*

1. A selección de bolseiros/as será efectuada por unha Comisión Avaliadora integrada por:

Presidente/a: o/a titular da Secretaría Xeral de Universidades ou persoa en quen delegue.

Vogais:

A persoa titular do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Un/unha representante da Consellería de Traballo e Benestar.

Un/unha asesor/a técnico/a da Secretaría Xeral de Universidades.

Secretaria: a xefa da Sección de Apoio aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a Comisión Avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos/as compoñentes non puidesen asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa en virtude da súa representación.

#### Artigo 10. *Selección*

1. As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva.



2. A selección farase ordenando todas as solicitudes que cumpran os requisitos en función da data de alta como demandante de emprego. A ordenación das solicitudes e a proposta de concesión realizarase priorizando as solicitudes en atención ao maior período de tempo ininterrompido inscrito en situación de desemprego ata a data de comezo de presentación de solicitudes.

En caso de empate entre dous ou máis solicitantes, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: maioría de idade do solicitante e, de se manter o empate, a persoa que obtivese con anterioridade o título que lle dá acceso aos estudos de máster universitario.

Artigo 11. *Proposta de resolución, resolución e publicación*

Unha vez efectuada a selección pola Comisión, esta elevará, a través do secretario xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución en que constará unha relación nominal de beneficiarios/as e outra de solicitudes denegadas coas causas de denegación, así como os demais aspectos previstos no artigo 34 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A resolución de concesión das axudas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>, polo que se entenderán notificados para todos os efectos os solicitantes, de conformidade co artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contra esta resolución, que esgota á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para os efectos establecidos no artigo 23, número 4, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, que comezarán a contar desde o



día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitudes. As solicitudes entenderanse rexeitadas de non se ditar resolución expresa no dito prazo.

Os solicitantes excluídos poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo máximo de dous meses a partir da publicación da resolución de concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 12. *Aboamento*

1. Segundo o disposto no artigo 28.9º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a contía da axuda concedida aboaráselles aos beneficiarios nun pagamento único polo importe que lles corresponda, unha vez notificada a resolución de concesión mediante a correspondente orde de resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. A tramitación do pagamento axustarase ao establecido no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro).

2. O pagamento da axuda regulada nesta orde farase unicamente na conta que os solicitantes fixesen constar na solicitude, que debe permanecer activa para estes efectos en canto non se teña constancia da finalización do expediente, a Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables aos solicitantes.

#### Artigo 13. *Compatibilidades, requisitos, obrigas e cumprimento dos/das bolseiros/as*

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda destinada para ese mesmo fin por algunha das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Non obstante, o/a alumno/a beneficiario/a poderá/n recibir bolsas que se convoquen para cubrir algunha das accións formativas que vaia realizar como complemento dos estudos (asistencia a congresos, cursos de idiomas, ...).

2. Os solicitantes deben cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiarios de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.





3. Os/as solicitantes, polo feito de solicitar esta axuda, comprométense a aceptar o contido desta convocatoria e o seu resultado, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Seguir durante o curso académico, con carácter presencial, os estudos en que se atope matriculado e non anular a matrícula.

b) Concorrer a exame e superar, polo menos, un terzo dos créditos matriculados, en convocatoria ordinaria e extraordinaria.

c) Cumprir os requisitos e as condicións establecidos para a concesión e gozo da bolsa.

d) Cooperar coa Administración nas actuacións de comprobación que sexa necesario verificar, se procede, o cumprimento e a efectividade das condicións determinantes da concesión da bolsa.

e) Comunicarlle á Secretaría Xeral de Universidades, por escrito, calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias alegadas na solicitude ou na declaración responsable presentada coa solicitude, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera organismo público ou privado e someterse ás actuacións de comprobación que acorde esta secretaría xeral.

f) Comunicarlle á Secretaría Xeral de Universidades, por escrito, a renuncia á axuda no caso de se producir unha causa que determine a dita renuncia.

g) Informar o órgano concedente da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

h) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Remitirlle á Secretaría Xeral de Universidades, unha vez rematado o curso, unha certificación ou extracto do expediente académico dos estudos cursados.

j) Proceder ao reintegro das cantidades xa percibidas, xunto cos xuros de demora que lle correspondan, no caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, salvo en casos



excepcionais xustificadas documentalmente previamente autorizados pola Secretaría Xeral de Universidades.

4. O incumprimento por parte do/a bolseiro/a de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puidesen corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposición adicional primeira

A presentación da solicitude de concesión de axuda comportará a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, cando proceda.

b) Comprobar por medio de acceso electrónico ao servizo horizontal de acceso ao Sistema de verificación de datos de identidade e residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, co consentimento previo da persoa interesada.

c) A reserva que o/a petionario/a poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros que, en todo caso, terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

d) De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.



e) Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente considere que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da citada Lei 9/2007.

#### Disposición adicional segunda

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Disposición adicional terceira

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co establecido no artigo 46 na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e as medidas necesarios para a aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2013

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





PROCEDIMENTO <b>AXUDAS PARA ESTUDOS UNIVERSITARIOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO OFICIAL DE MÁSTER UNIVERSITARIO, DESTINADAS A TITULADOS UNIVERSITARIOS EN SITUACIÓN LABORAL DE DESEMPREGO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED421A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

CURSO: 2013/14

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS ACADÉMICOS</b>							
TÍTULO UNIVERSITARIO DE GRAO OU EQUIVALENTE	DATA DE REMATE	UNIVERSIDADE					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> UDC <input type="radio"/> USC <input type="radio"/> UVIGO <input type="radio"/> OUTRAS					
MÁSTER UNIVERSITARIO EN QUE ESTÁ MATRICULADO DOS RELACIONADOS NO ANEXO II	Nº DE CRÉDITOS MATRICULADOS	IMPORTE DA MATRÍCULA					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
UNIVERSIDADE	CAMPUS						
<input type="radio"/> UDC <input type="radio"/> USC <input type="radio"/> UVIGO	<input type="text"/>						

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia simple do título universitario que lle dá acceso ao máster ou documento que legalmente o substitúa.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Informe emitido polo Servizo Público de Emprego dos períodos de inscrición como demandante de emprego.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado da vida laboral.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo da matrícula nun máster universitario dos relacionados no anexo II.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral de Universidades, de conformidade co artigo 35, letra f), da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA QUE ABAIXO ASINA DECLARA:**

1. Que non se encontra incursa nalgunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria, establecidos no artigo 10, puntos 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Que ten fixada a residencia na Comunidade Autónoma de Galicia cun mínimo de 3 anos consecutivos, anteriores á data de publicación desta convocatoria:
  - SI  NON
4. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade:
  - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que solicita esta subvención.
  - Solicitou outras axudas para esta mesma finalidade, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	CONCEDIDA	DENEGADA	PENDENTE	IMPORTE (€)

5. Que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que está en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunica.

Autorizo a Secretaría Xeral de Universidades, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Secretaría Xeral de Universidades, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de residencia do solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Secretaría Xeral de Universidades publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 24 de setembro de 2013 pola que se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para estudos universitarios conducentes á obtención do título oficial de máster universitario, destinadas a titulados universitarios en situación laboral de desemprego, para o curso 2013/14, e se establecen as bases reguladoras.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



Secretaría Xeral de Universidades



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



## ANEXO II

**Másteres universitarios impartidos nas universidades do Sistema universitario de Galicia aos cales poden concorrer os solicitantes**

Título do máster universitario	Universidade onde se imparte
Acuicultura	Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Arquitectura da paisaxe Juana de Vega	Universidades da Coruña e Santiago de Compostela
Arquitectura sanitaria e asistencial	Universidade da Coruña
Asesoramento xurídico empresarial	Universidade da Coruña
Banca e finanzas	Universidade da Coruña
Biología mariña	Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Biotecnoloxía	Universidade de Santiago de Compostela
Biotecnoloxía avanzada	Universidades da Coruña e Vigo
Ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca	Universidade de Vigo
Ciencias, tecnoloxías e xestión ambiental	Universidade da Coruña
Comercio internacional	Universidade de Vigo
Comunicación e industrias creativas	Universidade de Santiago de Compostela
Contabilidade superior e auditoría de contas	Universidade da Coruña
Contaminación industrial: avaliación, prevención e control	Universidade de Vigo
Creación, dirección e innovación na empresa	Universidade de Vigo
Dereito das administracións e institucións públicas	Universidade de Santiago de Compostela
Dereito de empresa	Universidade de Vigo
Dereito: especialidade en estudos da Unión Europea	Universidade da Coruña
Desenvolvemento económico e innovación	Universidade de Santiago de Compostela
Desenvolvemento rexional e integración económica	Universidade de Santiago de Compostela
Dirección de actividades educativas na natureza	Universidade de Santiago de Compostela
Dirección de arte en publicidade	Universidade de Vigo
Dirección de empresas	Universidade de Santiago de Compostela
Dirección de pequenas e medianas empresas (pemes)	Universidade de Vigo
Dirección de proxectos	Universidade de Santiago de Compostela
Dirección e administración de empresas (MBA)	Universidade da Coruña
Dirección e administración de empresas-MBA	Universidade de Vigo
Dirección e planificación do turismo interior e de saúde	Universidade de Vigo
Dirección e xestión da loxística e a cadea de subministración	Universidade de Vigo
Dirección integrada de proxectos	Universidades da Coruña e Vigo
Economía, mercados financeiros e empresa	Universidade de Vigo
Economía: organización industrial e mercados financeiros	Universidade de Santiago de Compostela
Educación, xénero e igualdade	Universidade de Santiago de Compostela
Enerxía e sustentabilidade	Universidade de Vigo
Enerxías renovables e sustentabilidade enerxética	Universidade de Santiago de Compostela
Enxeñaría ambiental	Universidade de Santiago de Compostela
Enxeñaría da automoción	Universidade de Vigo
Enxeñaría da edificación e construcións industriais	Universidade de Vigo



Título do máster universitario	Universidade onde se imparte
Enxeñaría marítima	Universidade da Coruña
Enxeñaría matemática	Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Estudios avanzados sobre a linguaxe, a comunicación e as súas patoloxías	Universidades da Coruña e Santiago de Compostela
Estudios teóricos e comparados da literatura e da cultura	Universidade de Santiago de Compostela
Finanzas	Universidade de Vigo
Fotónica e tecnoloxías do láser	Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Industria e economía leiteira	Universidade de Santiago de Compostela
Información técnica do medicamento	Universidade de Vigo
Innovación industrial e optimización de procesos	Universidade de Vigo
Interpretación de conferencias	Universidade de Vigo
Intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos	Universidade de Vigo
Intervención na discapacidade e na dependencia	Universidade da Coruña
Investigación en ciencias da visión	Universidade de Santiago de Compostela
Investigación, ordenación e avaliación de servizos sociosanitarios	Universidade da Coruña
Libro ilustrado e animación audiovisual	Universidade de Vigo
Lingua e comunicación nos negocios	Universidade de Vigo
Lingua e usos profesionais	Universidade da Coruña
Lingüística aplicada	Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Literatura, cultura e diversidade	Universidade da Coruña
Márketing, consultoría e comunicación política	Universidade de Santiago de Compostela
Matemática industrial	Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Mecatrónica	Universidade de Vigo
Metodoloxía da investigación en ciencias sociais: innovacións e aplicacións	Universidade da Coruña
Migracións internacionais: investigación, políticas migratorias e mediación intercultural	Universidade da Coruña
Necesidades específicas de apoio educativo	Universidade de Vigo
Neurociencia	Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Nutrición	Universidade de Vigo
Planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos	Universidade da Coruña
Políticas comunitarias e cooperación territorial	Universidade de Vigo
Prevenção de riscos laborais	Universidade de Vigo
Prevenção de riscos laborais e riscos comúns	Universidade da Coruña
Procesos de deseño e fabricación mecánica	Universidade de Vigo
Procesos de formación	Universidade de Santiago de Compostela
Psicoloxía do traballo e das organizacións, psicoloxía xurídica-forense e intervención social	Universidade de Santiago de Compostela
Psicoxerontoloxía	Universidade de Santiago de Compostela
Química avanzada	Universidades de Santiago de Compostela e Vigo
Química orgánica	Universidade de Santiago de Compostela



Título do máster universitario	Universidade onde se imparte
Rehabilitación arquitectónica	Universidade da Coruña
Saúde pública	Universidade de Santiago de Compostela
Servizos culturais	Universidade de Santiago de Compostela
Técnicas estatísticas	Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
Tecnoloxías avanzadas de procesos de deseño e fabricación mecánica	Universidade de Vigo
Tecnoloxías da información e comunicación en redes móbiles-TICRM	Universidade da Coruña
Tecnoloxías e procesos na industria do automóbil	Universidade de Vigo
Tecnoloxías para a protección do patrimonio cultural inmovible	Universidade de Vigo
Tradución multimedia	Universidade de Vigo
Tradución para a comunicación internacional	Universidade de Vigo
Turismo urbano e xestión de empresas turísticas	Universidade de Santiago de Compostela
Urbanismo: plans e proxectos. Do territorio á cidade	Universidade da Coruña
Xerontoloxía	Universidades da Coruña e Santiago de Compostela
Xestión do desenvolvemento sustentable	Universidade de Vigo
Xestión e investigación da discapacidade e a dependencia	Universidade da Coruña
Xestión e políticas públicas	Universidade da Coruña
Xestión empresarial do deporte	Universidade de Vigo
Xestión pública	Universidade de Santiago de Compostela
Xuventude e sociedade	Universidade de Santiago de Compostela

